




Facultade de Historia

Información básica



O grao en Xeografía e Historia proporciona ao alumnado unha serie de competencias que integran a aprendizaxe de coñecementos, a adquisición de habilidades e destrezas e a formación en actitudes e valores. Na liña doutras titulacións recoñecidas nas universidades europeas, ademais de englobar contidos das disciplinas de Xeografía, Historia e Historia da arte, a oferta da nosa Facultade dota ao alumnado dunha serie ampla de competencias xerais e específicas.

Grao Xeografía e Historia (Plano 2014/15)

Destaca o **carácter humanístico** das disciplinas cunha longa e consolidada traxectoria académica e universitaria, e a súa capacidade para coñecer a orixe e a evolución de moitas das realidades culturais do noso tempo. En conxunto ofertamos unha formación básica en contidos interdisciplinares relativos ao coñecemento da estrutura diacrónica do pasado, das coordenadas espazo-temporais, interrelacionadas coas xeográficas e artísticas.

A formación inclúe ámbitos temáticos e territoriais específicos e contidos instrumentais, a través das **prácticas** que os nosos estudantes realizan en diversas institucións e empresas. O coñecemento do noso pasado permite achegarse as ferramentas analíticas e conceptuais que a súa vez incitan á reflexión, á crítica e ao respecto pola diversidade e a alteridade; en definitiva o coñecemento doutras realidades, moi variadas fomenta os valores humanos e achega principios éticos tan necesarios na sociedade actual.

O carácter multidisciplinar e polivalente dos estudos (Historia, Arte e Xeografía) capacita para un **amplio abanico de saídas profesionais** aos seus egresados, que resultan tan competitivos como os especializados nunha soa das disciplinas humanísticas, tendo en conta da cada vez maior flexibilidade do actual mercado laboral entre titulacións e postos de traballo. Os servizos educativos, os servizos da administración, os medios de comunicación, os centros de educación superior e secundaria, e un longo espectro de institucións e empresas, proporcionan un marco para o desempeño de actividades relacionadas co perfil formativo do grao, preparando para unha gran variedade de actividades.

Ademais, a riqueza histórica, artística, arqueolóxica e natural proporciona unha estreita relación entre os estudos

universitarios e o mercado laboral, abrindo unha nova vía de profesionalización ante a crecente consideración do legado cultural herdado como recurso dotado de valor económico ou produtivo. A demanda e saídas profesionais no terreo da conservación, protección, xestión e difusión do patrimonio e o resto de actividades relacionadas co turismo cultural abren un amplo horizonte á saída profesional dos futuros graduados, que poden nesa liña especializarse no máster que ofertamos.




Co obxectivo de dar resposta á demanda social de diferentes profesionais, e aos futuros graduados/as posibilitábase unha continuación académica coherente con dous Másteres: Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio.



Unha situación similar presenta o **Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedad** orientado á especialización en arqueoloxía.

Presentación



A Facultade de Historia da Universidade de Vigo, sita no Campus Universitario de Ourense, oferta tres titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES): un Grao e dous Posgraos.

Xunto á habitual **modalidade presencial**, poderase optar pola modalidade semipresencial, sempre que se xustifique a imposibilidade de asistir con regularidade ás aulas; os motivos deben estar en relación con obrigas de carácter laboral, familiar, atención a persoas dependentes, actividades deportivas de alto nivel, necesidades educativas especiais. O proceso para acollerse a esta modalidade terá lugar unha vez formalizada a matrícula; estudante debe cubrir un impreso coa solicitude e entregar a documentación xustificativa.

Os docentes poñerán a disposición destes estudantes o material preciso a través da plataforma de teledocencia e os medios para superar as materias do grao, en igualdade de condicións que os presenciais.

A oferta de **Posgrao** contempla dúas titulacións:

Máster Interuniversitario en
Arqueoloxía e
Ciencias da Antigüidade

MÁSTER EN VALORACIÓN,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL
Universidade de Vigo
HTCO₃

USC
Universidade de Vigo
CSIC
incipit

- **Mestrado semipresencial en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio**, en colaboración coa Escola Superior de Enxeñaría de Minas do campus de Vigo.
- Mestrado Interuniversitario de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (**USC y U Vigo**) **coa participación do Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC**. O seu programa ten unha dobre orientación: profesionalizante e investigadora. Na súa primeira vertente, aspira a formar arqueólogos que poidan desenvolver a súa labor profesional neste campo nos próximos anos; na segunda, dá paso ao programa de doutoramento da USC

□Historia, Xeografía e Arte□.

Neste documento:

- Localización
- Normativa e Lexislación
- Servizos e Infraestruturas do Centro
- Outra Información do Centro
- Calendario Académico
- Información de Interese

Localización

No Campus de Ourense dende 1990

Facultade de Historia de Ourense
Campus Universitario As Lagoas s/n
32004 Ourense
Teléfono: 988 387101
Fax: 988 387328


E-mail Secretaría Decanato: sdefho@uvigo.es

Páxina web: <http://historia.uvigo.es/gl/>

Facebook: <https://www.facebook.com/facultadehistoriaourense>

Instagram: <https://www.instagram.com/historiaourense/>

Organización e Funcionamento do Centro



Organos de Goberno

□ Decanato

- Xunta de Facultade
- Comisión Permanente da Facultade
- Comisión de Calidade
- Departamentode Historia, Arte e Xeografía

Equipo de Goberno

□ Decana:

Profa. Dra. Susana Reboreda Morillo

Tfno.: 988 38 72 69

rmorillo@uvigo.es

□ Vicedecano:

Prof. Dr. Adolfo Fernández Fernández

Tfno : 988 38 71 11

adolfo@uvigo.es


□ Secretaria:

Dna. Josefina Cadilla Lomba

Tfno.: 988 36 88 55

sfho@uvigo.es



Normativa e Lexislación



Normativa xeral das Universidades

Normativa específica da Universidade de Vigo



Normativas da Facultade de Historia

- Regulamento Rexime Interno da Facultade de Historia
- Regulamento para a elaboración dos horarios docentes e a planificación de ocupación de espazos na Facultade de Historia de Ourense
- Regulamento de Prácticas Externas 
- Regulamento do Traballo de Fin de Grao 


Normativa xeral das Universidades

Normativa específica da Universidade de Vigo

Normativas da Facultade de Historia

- Regulamento Rexime Interno da Facultade de Historia
- Regulamento para a elaboración dos horarios docentes e a planificación de ocupación de espazos na Facultade de Historia de Ourense
- Regulamento de Prácticas Externas 
- Regulamento do Traballo de Fin de Grao 

Servizos e Infraestructuras do Centro



CAMPUS NORTE

A actividade se articula en 3 edificios:

- Edificio Facultades (máis coñecido como Edificio de Ferro)
- Pavillón Olga Gallego (2)
- Pavillón Concepción Ramón Amat (1)

O EDIFICIO FACULTADES

Acceso

- Conserxería
- Aulas

1º andar

- Secretaría Administrativa da Facultade
- Aula de Informática
- Delegación de Alumnos

2º andar

- Laboratorios docentes: Arqueoloxía, Historia da Arte, Xeografía, Historia Medieval
- Aulas

4º andar

- Vicerreitoría do Campus de Ourense
- Decanato
- Salón de Graos

DISTRIBUCIÓN DE AULAS DE HISTORIA - EDIFICIO DE FERRO

CURSO AULA HORARIO

- 1º Grao 0.5 mañá e tarde (Planta Baixa)
- 2º Grao 0.6 mañá e tarde (Planta Baixa)
- 3º Grao 0.7 mañá e tarde (Planta Baixa)

- 4º Grao 0.7 mañá e tarde (Planta baixa)
- Aula de videoconferencia/máster: 2.3 (2º andar)
- Prácticas 1º Grao. Grupo 1, 0.5; Grupo 2, 2.2 (2º andar)
- Prácticas 2º Grao. Grupo 1, 0.6, Grupo 2, 2.3 (2º andar)

PAVILLÓN OLGA GALLEGO (2)

- Despachos dos/as profesores/as (1º andar e soto)
- Laboratorio de Prehistoria, Historia Antigua, Historia Moderna, Historia Contemporánea e Historia de América (soto)

PAVILLÓN CONCEPCION RAMÓN AMAT (1)

- Aula de Máster
- Sala de exposicións ALTERARTE (planta baixa)

DISTRIBUCIÓN DE LABORATORIOS DE HISTORIA

DENOMINACIÓN LOCALIZACIÓN EDIFICIO

- Laboratorio de Informática PRIMEIRO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Xeografía SEGUNDO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Arqueoloxía SEGUNDO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Historia Medieval SEGUNDO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Prehistoria e Historia Antiga SOTO PAVILLÓN 2
- Laboratorio de Historia Moderna e Contemporánea SOTO PAVILLÓN 2


PLATAFORMA DE TELEDOCENCIA (<http://faitic.uvigo.es>)

- Curso virtual do Grao en Xeografía e Historia
- Curso virtual do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Manual Primeiros Pasos na plataforma Moodle




Calendario Académico



Pódese acceder ao calendario, horarios e datas de exámenes na web do centro: <http://historia.uvigo.es/gl/docencia/calendario-escolar>



Outra información do centro




Plan de Autoprotección Universidade de Vigo.


Actuación en caso de Emerxencia Edificio de Ferro



Plan 1



Plan 2



Delegación de alumnado

Funcións:

É o órgano de representación estudiantil institucional que se ten artellado na Facultade de Historia.

Todos os alumnos/as poden acudir á sede da Delegación para obter información e facer uso dos seus recursos. Para cubrir as súas necesidades a Delegación ten un orzamento proporcional ao número de alumnos/as que representa. Segundo o Regulamento de Estudantes no artigo 27, entre os fins da Delegación de alumnos está:

- Actuar como órganos de diálogo coas autoridades académicas no establecemento dunha información adecuada sobre a vida universitaria.
- Xestionar os seus recursos.
- Promover e coordinar actividades de extensión universitaria.
- Elixir os seus representantes perante calquera autoridade, institución ou organización, naqueles casos para os que non exista regulamento de elección.

Representantes: <http://historia.uvigo.es/gl/alumnado/delegacion-de-alumnado>

Localización

Edificio Facultades. 1º Andar

Tfno: 988 38 73 05

E-mail: dafho@uvigo.es


Normativa

- Regulamento Estudantes
- Estatuto Estudiantado (BOE 31/01/2010)
- Normativa de Permanencia da Universidade de Vigo
- Regulamento de Voluntariado
- **Plan de Acción Titorial**

Outra información de interese para o alumnado

- Actividades culturais

Información de Interese



ESTUDAR EN OURENSE

- ☐ [Estudar](#) na Universidade de Vigo
- ☐ Guía turística de Ourense
- ☐ Aloxamento en Ourense
- ☐ Hoteis e Hostais
- ☐ Pisos compartidos. Contactar coa ORI.
- ☐ Información para o alumnado da Universidade de Vigo:
- ☐ Alumnado da Universidade de Vigo

CONTACTOS INTERESE UNIVERSIDADE DE VIGO

Páxina web:

<http://www.uvigo.es/>

Central: 986 81 20 00

Información Xeral: 986 81 3600

Información ao alumnado: 986 81 36 30

Rexistro xeral da universidade: 986 81 39 02

Rexistro do Campus de Vigo: 986 81 36 10

Rexistro do Campus de Ourense: 988 38 71 03

Gabinete de prensa: 986 81 3604. prensa@uvigo.es

AREA DE SERVIZOS Á COMUNIDADE

Actividades culturais: 986 81 36 03/ 26. vicext@uvigo.es

Actividades deportivas: 986 81 21 82 / 986 81 22 04; deportes@uvigo.es

Servizo de alumnado: 986 81 36 09 xsadal@uvigo.es

LERD de Vigo: 986 81 37 71 / 72

LERD de Ourense: 988 38 71 02

Bolsas: 986 81 19 99 / 813612. bolsas@uvigo.es

Asesoría Xurídica: 986 81 3576

Oficina ORI: 986 81 21 78 /986 81 35 50 ; ori@uvigo.es

Oficina do Medio Ambiente(OMA): 986 81 38 83; oma3@uvigo.es

BIBLIOTECA DO CAMPUS DE OURENSE

Presente fisicamente nos trescampus, a Biblioteca Universitaria conta en cada un deles cunha biblioteca central e varias salas repartidas polas escolas e facultades que compoñen a Universidade.

A Biblioteca Central do Campus de Ourense, fundada no ano 2000, conta cun fondo de uns 100.000 libros e unhas 750 publicacións periódicas divididas en diferentes temas como son xeografía, historia, arte, dereito e química.

Servizos que ofrece:

- Préstamo interbibliotecario a nivel nacional e internacional.
- Préstamo para alumnos, PDI e PAS.
- Información bibliográfica, búsquedas e referencias bibliográficas.
- Catálogo automatizado colectivo de publicacións periódicas (a nivel nacional).

Contacto:

Conserxería (988 387320)

Campus As Lagoas - 32004- Ourense

Horario de atención ao público: De luns a venres de 8:30h a 21:00h

Acceso ao Catálogo da Biblioteca

CONTA DE CORREO ELECTRÓNICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- Basta con estar matriculado na Universidade e dispor do cartón universitario.
- No momento de formalizar a matrícula créase unha conta de correo cun nome de usuario e coa extensión alumnos.uvigo.es
- Con ese nome de usuario e esa clave tamén poderás acceder á rede WIFI. Todas as instalacións da Universidade de Vigo teñen acceso a internet por rede WIFI
- <http://www.uvigo.es>

CARNET UNIVERSITARIO

O Carné Universitario é unha tarxeta intelixente realizada en colaboración co Santander, que acredita o estudante, profesorado e personal de administración e servizos como membros da comunidade universitaria.

Ademais de todas as funcións asociadas ás tarxetas intelixentes, o carné poderá dispoñer de servizos financeiros 4B Maestro, se se solicitan voluntariamente

- Para qué podes utilizalo?
- Acreditación universitaria
- Acceso a recintos e ordenadores das aulas de informática e persoais*
- Préstamo de libros en bibliotecas
- Consultas en Puntos de Información e, opcionalmente, en caixeiros 4B*
- Tarxeta deportiva
- Moedeiro electrónico
- Descostos en comercios
- Tarxeta 4B Maestro (opcional)
- Firma Electrónica

□ Solicítalo en calquera momenton as Oficinas Universitarias Santander do campus, levando unha fotografía recente. Recíbalo no teu domicilio particular. Para que inclúa o servizo 4B Maestro só necesitas ser titular dunha conta bancaria no Santander. Esta contan non ten nin gastos de administración nin de mantemento.

□ O Carné Universitario non hai que renovalo cada ano. Para activar a función financeira diríxete á Oficina Universitaria.

SEGURO ESCOLAR

□ Os alumnos da Universidade de Vigo, sexa cal for a súa nacionalidade ou estudos que cursen, quedan cubertos por un seguro escolar. Do mesmo xeito que se regula para os niveis educativos previos, a Lei establece a cobertura obrigatoria.

□ Ademais, a Universidade de Vigo subscribiu un seguro adicional, seguro cum laude, para todos os seus alumnos, incluídos aqueles que non quedan cubertos polo seguro obrigatorio. Ambos os seguros páganse no momento de formalizar a matrícula, polo que non teñen custo adicional algún.

□ Con carácter complementario aos dous anteriores, a Universidade de Vigo dispón dun seguro voluntario, seguro cum laude plus, con maiores coberturas que aqueles e a un custo moi reducido (ao redor de 10 euros por curso).

OUTROS SERVIZOS

- **Actividades Culturais**
- **Deportes**
- **Voluntariado**
- **Area de Emprego**
- **Fundación Universidade de Vigo**
- **Gabinete psicopedagóxico**
- **Tribunal de Garantías**

Máster Universitario en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr. totais
002M143V03101	Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural	1c	3
002M143V03102	Valor e Significado do Patrimonio Cultural	1c	3
002M143V03103	Protección Xurídica do Patrimonio Cultural	1c	3
002M143V03104	Figuras de Intervención e Xestión de Proxectos	1c	3
002M143V03105	Novos Modos de Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	1c	3
002M143V03107	Técnicas de Representación CAD do Patrimonio	1c	3
002M143V03108	Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural	1c	3
002M143V03109	Técnicas de Documentación Cartográfica 2D e 3D do Patrimonio Cultural	1c	3
002M143V03110	Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial	1c	3

O02M143V03111	Introducción á topografía e produción cartográfica	1c	3
O02M143V03207	Caracterización e Documentación Histórico-Artística	2c	3
O02M143V03208	Territorios e Paisaxe Cultural	2c	3
O02M143V03209	Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural	2c	3
O02M143V03210	Difusión e Socialización do Patrimonio Cultural	2c	3
O02M143V03211	Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos	2c	3
O02M143V03212	Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana	2c	3
O02M143V03213	Prácticas	2c	6
O02M143V03214	Traballo Fin de Máster	2c	9
O02M143V03215	Educación patrimonial e innovación social	2c	3
O02M143V03216	Patrimonio cultural e turismo	2c	3
O02M143V03217	Introducción á avaliación estrutural de construcións patrimoniais	2c	3
O02M143V03218	Técnicas non destructivas para a avaliación do patrimonio cultural inmovible	2c	3

DATOS IDENTIFICATIVOS**Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural**

Materia	Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural			
Código	O02M143V03101			
Titulación	Máster Universitario en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Pérez Losada, Fermín Emiliano			
Profesorado	de Uña Álvarez, Elena Pilar Pérez Losada, Fermín Emiliano			
Correo-e	fermin@uvigo.es			
Web	http://http://faitic.uvigo.es/			
Descrición xeral	Trátase dunha materia de carácter introdutorio e xeneralista, que ten como obxectivo comprender e valorar a importancia do Patrimonio Cultural na sociedade contemporánea.			

Competencias

Código	Tipoloxía
CB5	Que os estudantes teñan as destrezas de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de maneira que sexa autodirixida ou autónoma.
CG1	Adquirir a capacidade para diferenciar e valorar as diversas expresións do Patrimonio cultural, coñecer as ferramentas para a súa cuantificación e protección, así como as diferentes perspectivas que abordan a súa xestión.
CE8	Comprender os valores multifactoriais do Patrimonio Cultural e avalialo adecuadamente de acordo cos criterios de uso social.
CT4	Poder integrar a información e os datos diversos aportados por diversos técnicos e ferramentas na redacción de conclusións de actuación.
CT6	Saber transmitir de forma clara e inequívoca a un público especializado ou non, resultados da investigación científica e tecnolóxica ou o máis avanzado campo de innovación, así como os fundamentos máis relevantes sobre os que están baseados

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer o concepto de Patrimonio Cultural, a súa evolución e as súas distintas categorías	CB5 CG1 CE8 CT4 CT6

Contidos

Tema	
<input type="checkbox"/> O concepto de Patrimonio Cultural	Orixes e evolución desde o s. XIX (Patrimonio Nacional). Rasgos definatorios básicos na actualidade. Categorías xerais nas que se clasifica (Natural/Cultural; Material/Inmaterial; Moble/Inmoble).
<input type="checkbox"/> O Patrimonio Natural	Definición e características propias e singulares. Orixes e evolución do concepto ata a actualidade. Estratexias xerais de conservación e intervención. A obvia interacción coa acción antrópica: Paisaxes, Territorios. Patrimonios emerxentes relacionados: xeolóxico e mineiro, paleontolóxico, etc.

<input type="checkbox"/> O Patrimonio Cultural	Clasificación xeral segundo as normativas e convencións: Histórico/Artístico, Arqueolóxico, Etnográfico, Bibliográfico e Documental. Características e particularidades propias de cada categoría. Estratexias xerais de conservación e intervención. Patrimonios emerxentes relacionados (científico/técnico, industrial, etc.).
<input type="checkbox"/> O caso específico do Patrimonio Cultural Inmaterial	Definición, características e evolución do concepto ata a actualidade. Relacións e interaccións cos patrimonios materiais.
<input type="checkbox"/> Categorias patrimoniais	As cambiantes e difusas fronteiras entre os diversos tipos e categorías patrimoniais. Definicións xurídicas e conceptos epistemolóxicos. Patrimonios consolidados e patrimonios emerxentes. Os patrimonios integrais.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Seminario	4	0	4
Estudo de casos	0	12	12
Resolución de problemas de forma autónoma	0	12	12
Prácticas autónomas a través de TIC	0	30	30
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Traballo	0	10	10
Observación sistemática	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión orientada a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado e as súas motivacións. Presentación da materia e dos entornos nos que se desenvolverá o módulo, empregando ferramentas de teleformación e telecomunicación.
Seminario	Interacción docente/alumnado coa finalidade de exposición básica de contidos, orientación, asesoramento e resolución de dúbidas no proceso do aprendizaxe, co apoio dos medios de teleformación.
Estudo de casos	Análise de casos ou situacións en relación co concepto e categorías do Patrimonio Cultural. Proceso sustentado na plataforma de teleformación.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades vinculadas ó desenvolvemento da reflexión, debate, crítica e xeneración aberta de alternativas mobilizando os coñecementos e as habilidades dos estudantes mediante as diferentes ferramentas tecnolóxicas de docencia.
Prácticas autónomas a través de TIC	Aplicación dos coñecementos e das capacidades do alumnado nun senso autónomo e dirixido con carácter transversal no desenvolvemento da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Sen descrición
Prácticas autónomas a través de TIC	Información e asesoría personalizada das prácticas autónomas realizadas polo alumnado a traveso das TIC. Recursos utilizados: plataforma de teledocencia Moodle e videoconferencia e-meeting.
Probas	Descrición
Traballo	Resolución de dúbidas e atención personalizada dos exercicios prácticos realizados polo alumnado (glosario, foros específicos). Recursos utilizados: plataforma de teledocencia Moodle e videoconferencia e-meeting.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Exame de preguntas obxectivas	Proba tipo test, realizada a traveso da plataforma virtual. O resultado de aprendizaxe avaliado é: Coñecer o concepto de patrimonio cultural, a súa evolución e as súas distintas categorías.	30	CB5 CG1 CE8 CT4 CT6

Traballo	O alumnado realiza e presenta un comentario crítico sobre os textos e lecturas recomendadas, utilizando ferramentas de entrega remota na data indicada. O resultado de aprendizaxe avaliado é: Coñecer o concepto de patrimonio cultural, a súa evolución e as súas distintas categorías	50	CB5 CG1 CE8 CT4 CT6
Observación sistemática	Comunicación e participación activa nas actividades da materia través de medios telemáticos. O resultado de aprendizaxe avaliado é: Coñecer o concepto de patrimonio cultural, a súa evolución e as súas distintas categorías	20	CB5 CG1 CE8 CT4 CT6

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumno, segundo a normativa vixente, ten dúas convocatorias de avaliación.

A primeira leva a cabo durante o cuadrimestre de docencia. No caso de que as semanas de docencia da materia non sexan suficientes para a entrega de todos os traballos previstos, habilitarase a plataforma de docencia dúas semanas adicionais, ao final do cuadrimestre, para facilitar a dita entrega, establecéndose neste caso un cronograma alternativo de entrega de tarefas.

A segunda avaliación realízase no mes de Xullo, para o que se habilitará de novo o acceso á plataforma docente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

García Cuetos, P., El patrimonio cultural: conceptos básicos, Universidad de Zaragoza, 2011, Zaragoza

QUEROL, M.A., Manual de gestión del Patrimonio Cultural, Akal, 2010, Madrid

Tugores, F. e Planas, R., Introducción al Patrimonio Cultural, Trea, 2006, Gijón

HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ, F., El patrimonio cultural: la memoria recuperada, Trea, 2002, Gijón

Bibliografía Complementaria

Babelon, J.P e Chastel, A., La notion de patrimoine, Liana Levi, 2000, París

Choay, F., Alegoría del Patrimonio, Gustavo Gili, 2007, Barcelona

García Cuetos, P., Humilde condición: el patrimonio cultural y la conservación de su autenticidad, Trea, 2009, Gijón

Monterroso Montero, J.M., Protección y conservación del patrimonio: principios teóricos, Tórculo, 2001, Santiago

Moure Romanillo, A. (Ed.), Patrimonio Cultural y Patrimonio Natural. Una reserva de futuro, Universidad de Cantabria, 2003, Santander

UNESCO, ¿Qué es el patrimonio cultural inmaterial? <http://www.unesco.org/culture/ich/doc/src/01851-ES.pdf>,

UNESCO, Gestión del Patrimonio Mundial natural <http://whc.unesco.org/en/managing-natural-world-heritage/>,

UNESCO, Gestión del Patrimonio Mundial cultural <http://whc.unesco.org/en/managing-cultural-world-heritage/>,

Recomendacións

Outros comentarios

A docencia da materia desenvolverase utilizando a plataforma docente Moodle e, de maneira presencial, participando nas actividades docentes a través de videoconferencia ou a través de ferramentas de multivideoconferencia (como Adobe Connect). Para poder recibir a docencia de maneira efectiva, recoméndase, previamente ao comezo da materia, consultar o manual de acceso á plataforma e seguir as especificacións técnicas para poder asistir ás sesións remotas. Esta información está dispoñible no espazo común do máster. É imprescindible que o alumno acceda á plataforma docente da materia previamente ao comezo da mesma.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Valor e Significado do Patrimonio Cultural**

Materia	Valor e Significado do Patrimonio Cultural			
Código	O02M143V03102			
Titulación	Máster Universitario en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Pérez Losada, Fermín Emiliano			
Profesorado	Pérez Losada, Fermín Emiliano			
Correo-e	fermin@uvigo.es			
Web	http://http://fatic.uvigo.es/			
Descrición xeral	A materia ten como obxectivo que os alumnos aprendan a analizar críticamente o valor patrimonial dos bens culturais, e coñezan as ferramentas metodolóxicas necesarias para o proceso de estimación do valor patrimonial, empregando criterios estandarizados.			

Competencias

Código	Tipoloxía
CB5	Que os estudantes teñan as destrezas de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de maneira que sexa autodirixida ou autónoma.
CG1	Adquirir a capacidade para diferenciar e valorar as diversas expresións do Patrimonio cultural, coñecer as ferramentas para a súa cuantificación e protección, así como as diferentes perspectivas que abordan a súa xestión.
CE8	Comprender os valores multifactoriais do Patrimonio Cultural e avalialo adecuadamente de acordo cos criterios de uso social.
CT4	Poder integrar a información e os datos diversos aportados por diversos técnicos e ferramentas na redacción de conclusións de actuación.
CT6	Saber transmitir de forma clara e inequívoca a un público especializado ou non, resultados da investigación científica e tecnolóxica ou o máis avanzado campo de innovación, así como os fundamentos máis relevantes sobre os que están baseados

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer as ferramentas metodolóxicas para a realización dun proceso de estimación de valor dun ben cultural calquera, a partir de criterios estandarizados.	CB5 CG1 CE8 CT4 CT6

Contidos

Tema	
<input type="checkbox"/> Valores e significado do Patrimonio Cultural	Principais cualidades positivas de recoñecemento e aprezo do Patrimonio Cultural na sociedade contemporánea. Valor potencial e valor efectivo ou real.
<input type="checkbox"/> O valor estético/formal	Antigüidade, artificio, monumentalidade, beleza. A integración do patrimonio na paisaxe urbana e rural. O valor utilitario: rehabilitacións para novos usos e a súa problemática.
<input type="checkbox"/> O valor informativo/histórico	Cómo coñecer o pasado a traveso do patrimonio. A investigación como ferramenta básica xeneradora de valor histórico.
<input type="checkbox"/> O valor asociativo/simbólico	A comunicación directa pasado-presente inherente ó patrimonio. O patrimonio como símbolo cultural identitario das comunidades humanas. Problemática de a quen representa o patrimonio cultural a escala local, nacional e mundial.

<input type="checkbox"/> O valor económico do patrimonio cultural	Educación, cultura, turismo e desenvolvemento. Modelos económicos e políticas culturais aplicadas ó patrimonio no mundo contemporáneo. O patrimonio cultural como recurso económico, xenerador de riqueza (beneficios directos e indirectos) e de calidade de vida.
<input type="checkbox"/> Os informes de valoración patrimonial (IVP)	Estratexias, estándares e sistemas de medición e cuantificación do valor patrimonial do bens culturais

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	4	0	4
Resolución de problemas de forma autónoma	0	12	12
Estudo de casos	0	12	12
Prácticas autónomas a través de TIC	0	30	30
Actividades introductorias	1	0	1
Traballo	0	10	10
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Observación sistemática	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Interacción docente/alumnado coa finalidade de exposición básica de contidos, orientación, asesoramento e resolución de dúbidas no proceso do aprendizaxe, co apoio dos medios de teleformación.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades vinculadas ó desenvolvemento da reflexión, debate, crítica e xeneración aberta de alternativas mobilizando os coñecementos e as habilidades dos estudantes mediante as diferentes ferramentas tecnolóxicas de docencia.
Estudo de casos	Análise de casos ou situacións en relación co concepto e categorías do Patrimonio Cultural. Proceso sustentado na plataforma de teleformación.
Prácticas autónomas a través de TIC	Aplicación dos coñecementos e das capacidades do alumnado nun senso autónomo e dirixido con carácter transversal no desenvolvemento da materia.
Actividades introductorias	Sesión orientada a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado e as súas motivacións. Presentación da materia e dos entornos nos que se desenvolverá o módulo, empregando ferramentas de teleformación e telecomunicación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución de dúbidas e atención personalizada dos exercicios prácticos realizados polo alumnado (glosario, foros específicos). Recursos utilizados: plataforma de teledocencia Moodle e videoconferencia e-meeting.
Estudo de casos	Información e asesoría personalizada das prácticas autónomas realizadas polo alumnado a traveso das TIC. Recursos utilizados: plataforma de teledocencia Moodle e videoconferencia e-meeting.
Prácticas autónomas a través de TIC	Resolución de dúbidas e atención personalizada dos exercicios prácticos realizados polo alumnado (glosario, foros específicos). Recursos utilizados: plataforma de teledocencia Moodle e videoconferencia e-meeting.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo	O alumnado realiza e presenta un Informe de Valoración Patrimonial (IVP) sobre un ben cultural da súa elección (transversal do módulo), utilizando ferramentas de entrega remota na plataforma virtual. Avaliación do resultado da aprendizaxe "Coñecer as ferramentas metodolóxicas para a realización dun proceso de estimación do valor dun ben cultural calquera, a partir de criterios estandarizados".	50	CG1
Exame de preguntas obxectivas	Proba tipo test, realizada a traveso da plataforma virtual. Avaliación do resultado da aprendizaxe "Coñecer as ferramentas metodolóxicas para a realización dun proceso de estimación do valor dun ben cultural calquera, a partir de criterios estandarizados".	30	CG1 CE8 CT4

Observación sistemática	Comunicación e participación activa nas actividades da materia a traveso dos medios telemáticos. Avaliación do resultado da aprendizaxe "Coñecer as ferramentas metodolóxicas para a realización dun proceso de estimación do valor dun ben cultural calquera, a partir de criterios estandarizados".	20	CG1
-------------------------	--	----	-----

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumno, segundo a normativa vixente, ten dúas convocatorias de avaliación.

A primeira leva a cabo durante o cuadrimestre de docencia. No caso de que as semanas de docencia da materia non sexan suficientes para a entrega de todos os traballos previstos, habilitarase a plataforma de docencia dúas semanas adicionais, ao final do cuadrimestre, para facilitar a dita entrega, establecéndose neste caso un cronograma alternativo de entrega de tarefas.

A segunda avaliación realízase no mes de Xullo, para o que se habilitará de novo o acceso á plataforma docente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Ballart Hernández, J., El patrimonio histórico y arqueológico: valor y uso, 1, Ariel, 1997, Barcelona
 Ballart Hernández, J.; Juan i Treserras, J., Gestión del patrimonio cultural, 4, Ariel, 2008, Barcelona
 Pedersen, A., Gestión del turismo en sitio del Patrimonio Mundial. Manual práctico para administradores de sitios del Patrimonio Mundial., 1, <http://unesdoc.unesco.org/images/0012/001286/12867>, 2005, Paris
 AA.VV., Sistema de valoración patrimonial de los Enclaves arqueológicos de Aragón, 1, Gobierno de Aragón, 1999,
 AA.VV., O valor crítico dos bens culturais. Videos das conferencias, 1, Consello da Cultura Galega, 2008,
<http://consellodacultura.org/mediateca/?p=445>
 Barciela, Melgarejo e López Eds., Los bienes culturales y su aportación al desarrollo sostenible, 1, Universidad de Alicante, 2012, Alicante

Bibliografía Complementaria

- Frey, B.S., La economía del arte, 1, La Caixa, 2000, Barcelona
 Thorsby, D., Economía y Cultura, 1, Gestion Cultural, 2008, México
 Rizzo, I. e Mignosa, A. Eds., Handbook on the economics of Cultural Heritage, 1, E. Elgar Pub., 2013, Cheltenham (UK)
 Bonet, L.; Castañer, X.; Font, J. (Eds.), Gestión de proyectos culturales: análisis de casos, 2, Ariel, 2009, Barcelona
 Castillo Oreja, M.A. (ed), Ciudades históricas: conservación y desarrollo, Fundación Argentaria - Visor Dis, 2000, Madrid
 Domínguez Arranz, A. (Ed), El patrimonio arqueológico a debate: su valor cultural y económico, Gobierno de Aragón, 2008, Huesca
 Fontenla Sanjuán, C. (coord.), Contorno dos Monumentos en Galicia, delimitación e protección, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, 1998, Santiago
 Hardesty, D.L.; Little, B.J., Assessing site significance. A Guide for Archaeologists and Historians, Altamira Press, 2000, New York
 Herrera Prieto, L.C. (coord.), Turismo cultural: el patrimonio histórico como fuente de riqueza,, Fundación del Patrimonio Histórico de Castilla y L, 2000, Valladolid
 López Silvestre F., Días-Fierros Viqueira, F. (coord.), Olladas críticas sobre a paisaxe, Consello da Cultura Galega, 2009, Santiago
 Sanz Lara, J.A., Valoración económica del patrimonio cultural, Trea, 2004, Gijón
 AA.VV., El Patrimonio intangible y otros aspectos relativos a los itinerarios culturales, Congreso Internacional del CIIC (ICOMOS), [http://www.esicomos.org/Nueva_carpeta/INDEX_2ESI], 2002, Pamplona

Recomendacións

Outros comentarios

A docencia da materia desenvolverase utilizando a plataforma docente Moodle e, de maneira presencial, participando nas actividades docentes a través de videoconferencia ou a través de ferramentas de multivideoconferencia (como Adobe Connect). Para poder recibir a docencia de maneira efectiva, recoméndase, previamente ao comezo da materia, consultar o manual de acceso á plataforma e seguir as especificacións técnicas para poder asistir ás sesións remotas. Esta información está dispoñible no espazo común do máster. É imprescindible que o alumno acceda á plataforma docente da materia previamente ao comezo da mesma.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Protección Xurídica do Patrimonio Cultural**

Materia	Protección Xurídica do Patrimonio Cultural			
Código	O02M143V03103			
Titulación	Máster Universitario en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Ricoy Casas, Rosa María			
Profesorado	Ricoy Casas, Rosa María			
Correo-e	rricoy@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia pretende desenvolver no alumnado a capacidade para coñecer e manexar a lexislación aplicable a calquera situación que se presente en relación ao Patrimonio Cultural e adquirir a competencia necesaria para poder coñecer a contorna social, empresarial e administrativo correspondente. Deste xeito, o alumnado poderá coñecer, diferenciar, caracterizar, valorar, documentar, xestionar, protexer ou desenvolver calquera tipo de traballo ou proxecto profesional acorde coa lexislación reguladora específica, sendo coñecedores da xurisprudencia máis importante sobre Patrimonio Cultural.			

Competencias

Código	Tipoloxía
CB4	Que os estudantes saiban comunicar de forma clara e inequívoca as súas conclusións -e o coñecemento e os motivos definitivos que o sustentan- para o público especializado e non especializado.
CG1	Adquirir a capacidade para diferenciar e valorar as diversas expresións do Patrimonio cultural, coñecer as ferramentas para a súa cuantificación e protección, así como as diferentes perspectivas que abordan a súa xestión.
CE3	Adquirir a capacidade de redactar proxectos de intervención no Patrimonio Cultural de acordo coa lexislación específica reguladora.
CE4	Adquirir a capacidade de catalogar o verdadeiro patrimonio cultural, podendo establecer mecanismos de protección xurídica e preventiva.
CT1	Capacidade de comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos diferentes campos do coñecemento e a práctica profesional co obxectivo de lograr unha sociedade máis xusta e igualitaria.
CT9	Coñecer e xestionar a lexislación aplicable ao sector, coñecer a contorna social e empresarial e saber relacionarse coa administración competente integrando este coñecemento no desenvolvemento de proxectos de enxeñería e no desenvolvemento de calquera aspecto do seu traballo profesional.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Comprender os conceptos chave na contorna do patrimonio, a nivel xurídico, para a súa formación académica e o seu desenvolvemento profesional a través dunha síntese coherente e ordenada do abundante e disperso corpus legal neste ámbito	CB4 CG1 CE3 CE4 CT1 CT9
Capacitar ao alumno para desenvolver proxectos e traballos no ámbito patrimonial con suficientes coñecementos legais, a través de clases eminentemente prácticas	CB4 CG1 CE3 CE4 CT1 CT9

Contidos

Tema

1. Protección Xurídica do Patrimonio Cultural: normativa e institucións.	1.1 Breve referencia histórica (lexislación, espolio e restauración)
	1.2 Normativa (Local-Autonómica-Estatal-UE-Internacional). Especial referencia LPHE 1985 e LPCG. Principais Institucións do Patrimonio Cultural
	1.3 ¿Patrimonio Cultural ou Histórico?. Tipos de Patrimonio
	1.4 Tipos de Bens. Graos ou Categorías de Declaración
2. Protección Xurídica do Patrimonio Cultural: risco, control e sanción.	2.1 Comercio e exportación.
	2.2. Espolio. Detectores de Metais. Tráfico de bens.
	2.3. Achados. Tasación.
	2.4. Destrución e Sanción.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Seminario	4	0	4
Estudo de casos	1	24	25
Resolución de problemas	0	15	15
Prácticas autónomas a través de TIC	0	30	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión de 1 hora de duración destinada á presentación da materia, da docente e a toma de contacto co alumnado. Despois de realizar unha breve presentación e toma de contacto entre a docente e o alumnado, explicarase a contorna no que se desenvolverá o módulo (a través de ferramentas de teleformación e telecomunicación); presentarase a materia e os seus obxectivos básicos; realizarase unha explicación básica dos contidos de cada tema e os principais recursos para a súa aprendizaxe; así como o calendario, metodoloxía e criterios de avaliación. Finalmente explicaranse os recursos dispoñibles para porse en contacto coa docente e os compañeiros, formular preguntas ou realizar tutorías online.
Seminario	Estarán a disposición do alumnado 4 horas de tutoría en grupo coa finalidade de orientación, asesoramento e resolución de dúbidas no proceso de aprendizaxe a través de medios de teleformación.
Estudo de casos	Proporase a análise dun ou varios problemas ou casos reais, coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, como medio encamiñado á aplicación práctica da teoría estudada na materia. Realizarase a través de medios de teleformación.
Resolución de problemas	Actividades vinculadas ao desenvolvemento da reflexión, o debate, a crítica e a xeración aberta de alternativas e hipóteses de solución, utilizando os coñecementos e habilidades que pretenden desenvolverse a través desta materia. Realizarase a través de medios de teleformación.
Prácticas autónomas a través de TIC	Aplicación dos coñecementos e das capacidades do alumnado con carácter transversal no desenvolvemento da materia e de maneira autónoma. Realizarase a través de medios de teleformación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Actividades vinculadas ao desenrolo da reflexión, o debate, a crítica e a xeración aberta de alternativas e hipótesis de solución, utilizando os coñecementos e habilidades que pretenden desenvolverse a través desta asignatura. Desenvolverase a través dso medios de teleformación.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Estudo de casos	Realizaranse os traballos e proxectos propostos pola docente, utilizando ferramentas de entrega remota na data indicada e cuxa información estará desde o principio do curso dispoñible na plataforma Faitic en http://faitic.uvigo.es . O resultado de aprendizaxe avaliado é: Capacitar ao alumno para desenvolver proxectos e traballos no ámbito patrimonial con suficientes coñecementos legais, a través de clases eminentemente prácticas.	50	CE3 CE4

Resolución de problemas	Realizaranse probas de avaliación on-line (probas tipo test), sobre os contidos da materia (temas 1 e 2) na data indicada e cuxa información estará desde o principio do curso dispoñible na plataforma Faitic en http://faitic.uvigo.es . O resultado da aprendizaxe avaliado é: Comprender os conceptos chave na contorna do patrimonio, a nivel xurídico, para a súa formación académica e o seu desenvolvemento profesional a través de unha síntese coherente e ordeada do abundoso e disperso corpus legal neste ámbito.	40	CG1 CT1
Prácticas autónomas a través de TIC	Realizarase un seguimento individualizado do alumnado, valorándose a súa participación activa nas actividades da materia a través de medios telemáticos, a resolución de prácticas voluntarias, así como o interese e a aptitude en relación coa aprendizaxe da materia. O resultado de aprendizaxe avaliado é: Capacitar ao alumno para desenvolver proxectos e traballos no ámbito patrimonial con suficientes coñecementos legais, a través de clases eminentemente prácticas.	10	CB4 CT9

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para a culminación exitosa da materia, é recomendable o seguimento do cronograma que estará accesible ao comezo do Máster (Faitic), o cal facilitará a debida realización das actividades planificadas pola docente.

Non se avaliará ningunha actividade nin traballo presentado fóra de prazo.

É recomendable formular calquera dúbida á docente da materia para poder emendala o máis axiña posible e non esperar ao límite da data de entrega.

O alumno, segundo a normativa vixente, ten dúas convocatorias de avaliación. A primeira leva a cabo durante o primeiro cuatrimestre de docencia. No caso de que as semanas de docencia non sexan suficientes para a entrega dos traballos previstos, habilitarase a plataforma de docencia dúas semanas, ao final do cuatrimestre, para facilitar a dita entrega, establecéndose neste caso un cronograma alternativo de tarefas. A segunda avaliación realízase no mes de Xullo, para o que se habilitará de novo o acceso á plataforma docente. A avaliación da convocatoria ordinaria e a segunda convocatoria realizarase de igual modo, cos mesmos requisitos.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

AAVV, 250 años de arqueología y patrimonio. Documentación sobre arqueología y patrimonio histórico de la Real Academia de la Historia. Estudio general e índices, 2003, Madrid

DÍAZ-ANDREU GARCÍA, G.; MORA RODRÍGUEZ, G.; CORTADELLA I MORRAL, J. (Coord.), Diccionario histórico de la Arqueología en España, Marcial Pons, Ediciones de Historia, 2009,

MINISTERIO DE CULTURA, Plan Nacional de Protección del Patrimonio Cultural Subacuático Español: libro verde, 2010, Madrid

QUEROL FERNÁNDEZ, M^a.A, Manual de Gestión del Patrimonio Cultural, Akal, 2010, Madrid

RUIZ MANTECA, R., Régimen jurídico del patrimonio cultural subacuático, UNED, 2011, Madrid

Recomendacións

Outros comentarios

Para a culminación exitosa da materia é recomendable o seguimento do cronograma que estará accesible ao comezo do Máster, o cal facilitará a debida realización das actividades planificadas pola docente.

As lecturas obrigatorias da materia están dispoñibles na plataforma Faitic en <http://faitic.uvigo.es>.

Non se avaliará ningunha actividade nin traballo presentado fóra de prazo.

É recomendable formular calquera dúbida á docente da materia para poder emendala o máis axiña posible.

A avaliación da convocatoria ordinaria e a segunda convocatoria realizarase de igual modo.

